

AZABACHERÍA S. XVIII

Como Simón Rodríguez, Ferro Caaveiro foi vítima da transición estética dende o barroco tardío ata as novas tendencias do neoclasicismo incipiente. A fachada da Azabachería é un exemplo de todo iso. En 1763 Ferro é cesado como mestre de obras e toma o mando o mestre real Ventura Rodríguez. Dous Mestres e dúas épocas grandiosas da Arquitectura ao servizo dun todo armónico, con referencias formales de dous estilos relacionados por un fio finísimo no común territorio da beleza.



TORRE DA CARRACA. S. XVIII

FERNANDO CASAS NOVOA



TORRE DA VELA. S. XVII

GIL DE HONTAÑÓN



PRATERÍAS S. XII - XIV

O relevo de vulto do David músico, na parte esquerda do debuxo, procede da desaparecida porta norte ou do Paraíso. É polo tanto anterior ás esculturas do Pórtico da Gloria. Resulta admirable esta figura pola súa naturalidade e a graza con que tanxe o instrumento, unha fíclula ou un rabel. O resto das columnas, que acompañan á que acolle o David, forman un conxunto escultórico onde os apóstolos e personaxes bíblicos alternan con preciosas columnas helicoidais, idealizadas árbores do Paraíso, en cuxo tronco crecen bagas e flores, motivos vexetais que aluden aos homes e á súa relación coa Natureza.



TORRE DO RELOXO A BERENGUELA S. XVII

Esta é a máis fermosa das cinco torres que coroa o templo. Domingo de Andrade, o primeiro mestre autóctono do barroco en Galicia, fai aquí un alarde de saber construívo e gran coñecemento das últimas tendencias da arquitectura europea. Sorprende que en 1680, recién ascendido a mestre de obras da Catedral, fose capaz de construír "a obra máis famosa e eminente" da basílica. A torre, que remonta a antiga torre do século XIV, é unha envoltura de corpos decrecentes que se eleva a máis de setenta metros de altura e sorprende pola súa lixeireza e transparencia a pesar do seu barroquismo e complexidade.



▲ TORRE DO RELOXO. A BERENGUELA. S. XVII ▶



No ano 1168 traballaba na Catedral o mestre Mateo, artífice desta admirable obra. A inscrición que figura nos dinteis, onde manifesta orgullosamente a súa autoría, data a coroação do conxunto no ano 1188. No soporte central está entronizado o apóstolo Santiago en hábito de peregrino. A súa dereita, os profetas do Antigo Testamento: Moisés, Isaías, Daniel e Xeremías. Estas maravillosas tallas brillantemente policromadas debían causar unha viva impresión nos fieis iletrados que podían "ler" nesta Biblia en pedra a doutrina da Igrexia. Rosalla de Castro exclamaba: *parece que os labios movern, que falan quedo os uns cos outros.*

COMPOSTELA DEBUXADA
DEBUXOS E TEXTOS SANTIAGO CATALÁN



RÚAS DE COMPOSTELA



SANTA CLARA
S. XVIII

Esta fachada é un elemento arquitectónico independente, un gran retablo de pedra exento, onde Simón Rodríguez desenvolve a súa personalísima teoría dun barroco afastado esteticamente do resto do estilo na Península. O barroco de placas compostelán adquire aquí a súa máxima expresión. A acumulación de xeometría pura produce unha fachada dinámica, excesiva na profusión de elementos pero moi rigorosa no seu deseño global. O enigmático remate, un colosal cilindro de pedra, culmina este monumental xogo de masas, e foxe así da imaxe tradicional dos pináculos composteláns.

Dende a terraza do antigo Hospital, emerxe cara u oeste a fachada da igrexa que alongase para ser admirada dende a explanada do Obradoiro ao situarse a cota moi inferior respecto desta.

Lucas Ferro Caaveiro utilizou un deseño moi vertical que resolve esquemáticamente con sinxelos motivos decorativos, como os almofadados tallados nas pilstras que enmarcan a portada, que dotan a esta igrexa dunha orixinalísima solución arquitectónica lograda con maestría e unha gran economía de medios.

SAN FRUCTUOSO
S. XVIII




HOSPITAL REAL
S. XV - XVI - XVII

A cornisa, que pertence ao estilo gótico plateresco, é unha impresionante peza escultórica de 1,7 m de altura que remata o antigo Hospital Real reclamando protagonismo nunha fachada repleta de elementos plásticos e decorativos de moi alta calidade que pugnan para mostrarse no magnífico escenario do Obradoiro. As xambas que flanquean a portada de acceso aparecen profusamente decoradas con complexos motivos ornamentais que se dilúen co paso do tempo, formando finalmente un bellísimo conxunto moi próximo á abstracción.



1. CASA DO CABIDO - PRATERÍAS 2. CORNISA CASA DO CABIDO
3. MASCARÓN IGREXA SAN MARTÍN PINARIO 4. TRIPLE HÉLICE
SANTO DOMINGO DE BONAVAL

OUTRAS ARQUITECTURAS



MODERNISMO
S. XIX - XX

Estas máximas figuras, inspiradas na natureza e na mitoloxía, pertencen a dous edificios de Jesús López de Rego sitos na Alameda e na rúa do Preguntoiro. Nos dous casos aportan ao seu entorno toda a fantasía e a sensualidade do estilo modernista coa delicadeza do seu exquisito deseño. Estilos moi diversos e de épocas moi alonxadas no tempo, sumáanse así para enriquecer o inagotable patrimonio de Compostela.

